Normativa

Publicacións

Axudas

VER TODAS

ORDE do 29 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca nun 75 %, e se convoca para o exercicio 2013 o devandito procedemento

Avisos

VER TODOS

LISTAS DEFINITIVAS de aspirantes seleccionados e non seleccionados no proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de recursos específicos para o exercicio da actividade extractiva de lapa no ámbito territorial da confraría de pescadores da Guarda e se abre o prazo para a presentación de documentación

Formación

VER TODAS

Neste momento non existe información nesta área

A Flota Pesqueira

A frota pesqueira con porto base en Galicia -formada por 4.800 buques de pesca e máis de 1.200 de acuicultura- é a máis importante de todas as rexións de España e Europa.

Flota galega

Defínese como o conxunto de actividades encamiñadas ao cultivo de especies acuáticas.

Marisqueo

Definido legalmente como unha modalidade específica de pesca, consistente na actividade extractiva dirixida á captura de mariscos.

Acuicultura

Defínese como o conxunto de actividades encamiñadas ao cultivo de especies acuáticas.

Industria transformadora

Galicia é a Comunidade Autónoma líder na transformación e conservación de produtos procedentes do mar.



Pesca Deportiva

A pesca marítima de recreo é aquela que se practica por entretemento, deporte ou afección, sen ánimo de lucro e respecto co exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola profesional.

O sector

O sector pesqueiro -que engloba todas as actividades relacionadas coa pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, así como a conserva e o conxelado- continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega. Segundo datos dos servizos estatísticos da Xunta, os sectores extractivo, acuícola e transformador empregan conxuntamente en Galicia a preto de 38.000 persoas, representando aproximadamente o 52% do emprego total pesqueiro en España e o 10% no conxunto da UE.

A cifra de negocio da pesca e a acuicultura galega alcanzou en 2008 uns 1.000 millóns de euros, cun 44% do valor xerado na pesca de altura, un 19% na pesca costeira, un 6% no marisqueo e un 31 % na acuicultura. A produción extractiva galega anual supón, en termos de valor, o 15% da Unión Europea, superando así a produción conxunta de Alemaña, Bélxica, Finlandia, Grecia e Suecia.

A dependencia social da actividade pesqueira é especialmente importante en varios concellos da costa galega. Así, o emprego pesqueiro representa o 30% da poboación ocupada nos concellos de Ribeira e Bueu e alcanza valores do 60% para a Illa de Arousa. En canto ao perfil medio do pescador galego é 10 dun home de entre 25 e 54 anos dedicado á pesca extractiva. Polo contrario, son as mulleres, nun número que supera as 4.000 as que forman o 90% do colectivo de mariscadores a pé.